

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de outubro de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.00 horas do día 16 de outubro de 2019, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño (do Grupo Popular)

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2019

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á extraordinaria do día 18 de setembro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 18 de setembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DACIÓN DE CONTA DO AUTO N.º 146/2019, DO 13 DE SETEMBRO, DA SECCIÓN ESPECIAL DE CASACIÓN AUTONÓMICA DO TSXG E INFORME SOBRE A EXECUCIÓN DA SENTENZA 151/2017, DO 2 DE OUTUBRO, DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 2 DE OURENSE.-

O **Sr. secretario** expón o contido do seu informe.

O **presidente da comisión** comunica que, á vista do informe de Secretaría non se vai interpoñer o recurso de amparo contra o auto e pide que desde os servizos xurídicos da Deputación se axilice, na medida do posible, a tramitación do incidente de execución da sentenza.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que lle chama a atención a reinterpretación que o informe de Secretaría (que contén unha crítica velada da sentenza) fai do alcance da sentenza, en canto á posibilidade de que non afecta aos nomeamentos ou que se poidan conservar determinados actos. Pregunta quen vai asumir a responsabilidade política desta situación e que custo económico vai ter a execución da sentenza para a Deputación.

O **presidente da comisión** di que a responsabilidade política lle corresponde ao goberno provincial, que na convocatoria do concurso asumiu os criterios xurídicos defendidos pola Secretaría Xeral.

O **Sr. secretario** respóndelle ao Sr. Vila Araújo que o seu informe non fai ningunha reinterpretación da sentenza, xa que no relativo á súa execución trata de cuestións non resoltas no fallo, e precisamente por iso se propón tramitar un incidente de execución de sentenza, para que sexa o xulgado o que aclare como hai que executala. Engade que o seu informe non contén unha crítica velada da sentenza, senón unha crítica aberta e explícita, reiterando que considera

gravemente erróneas tanto a sentenza de instancia como a de apelación. Polo que se refire ás posibles consecuencias económicas, en principio cre que non ten porqué ter ningunha, xa que na peor das hipóteses (que a sentenza implicase a nulidade dos nomeamentos efectuados) a única consecuencia sería que as persoas nomeadas no concurso terían que volver aos seus postos de orixe.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, di que entende que promover o incidente de execución de sentenza é o correcto xa que é frecuente que as sentenzas non aclaren totalmente todas as consecuencias prácticas do fallo e pregunta se é necesario que se adopte algún acordo ao respecto.

O Sr. secretario responde que non é necesario ningún acordo, dado que a competencia neste asunto lle corresponde á Presidencia.

Non se producen máis intervencións, quedando informada a comisión.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta pola incompatibilidade do Sr. Ojea Bouzo, para o exercicio de actividade privada e di que na comisión anterior formularon unha pregunta que non foi contestada e que non viu nada publicado ao respecto no portal de transparencia da Deputación.

O **presidente da comisión** di que non viu nada publicado porque nin está nin está nin estivo nada publicado no portal de transparencia.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta a que foi dona Zaida María Alejos, cando era asesora da Presidencia, acompañando ao Sr. alcalde de Ourense nun desprazamento a Madrid.

O **presidente da comisión** di que conseguirá a información oportuna e que lle contestará por escrito.

E, ás 17.38 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.